

A PONDERACIÓN DO GREGO PAU XUÑO E SETEMBRO DE 2010

1. REAL DECRETO 1892/2008, DO 14 DE NOVEMBRO (BOE DO 24),

QUE PARECE SER A NORMA DE REFERENCIA PARA O QUE DECIDAN AS UNIVERSIDADES
Art. 14.3. El parámetro de ponderación (a ó b) de las materias de la fase específica será igual a 0,1. Las universidades podrán elevar dicho parámetro hasta 0,2 en aquellas materias que consideren más idóneas para, de acuerdo con la finalidad de la prueba a que se refiere el artículo 5, seguir con éxito dichas enseñanzas oficiales de Grado. Las universidades deberán hacer públicos los valores de dichos parámetros para las materias seleccionadas al inicio del curso correspondiente a la prueba.

Art. 5. *Finalidad de la prueba.* 1. La prueba de acceso tiene por finalidad valorar, con carácter objetivo, la madurez académica del estudiante, así como los conocimientos y capacidades adquiridos en el Bachillerato y su capacidad para seguir con éxito las enseñanzas universitarias oficiales de Grado.

2. VALORES DE PONDERACIÓN

DAS MATERIAS DA FASE ESPECÍFICA PARA ADMISIÓN A ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE GRAO
DO

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Como COORDINADOR da materia GREGO II no bacharelato e na PAU, teño que expresar a miña sorpresa e protesta polo valores de ponderación que van estar vixentes no curso 2010-2011 e teño que solicitar que sexan reformados inmediatamente, xa para ese curso no que respecta á inxusta e desastrada ponderación que se fai do GREGO II.

2.1. GREGO II non ten ponderación de 0,2 nin sequera no Grao en Filoloxía Clásica, no que esa ponderación é evidente, se botamos man do art. 5.1 que arriba temos. Non se sabe ben por qué a dignísima e moi interesante Historia da Arte pode ter mellor ponderación que Grego II para o grao de Filoloxía Clásica, unha Filoloxía da que non sería erro dicir que é a Lingua e Literatura Grega complementada con Lingua e Literatura Latina.

2.2. GREGO II fica tamén na ponderación de 0,1, pero podería, mesmo debería, ter a ponderación de 0,2 con mais razón que moitas outras materias que si a teñen, para os graos de Filosofía, Historia e, sobre todo e sen discusión, para todos os graos de Humanidades e todas as Filoloxías e Lingüísticas nas que o eixo sexan linguas, literaturas e culturas de orixe en Europa e das que Grecia é raíz ou enxerto fóra de discusión. Estamos a falar sempre dunha materia optativa, nunca obrigatoria ¡madría leva!, pero unha opción na que a ponderación 0,2 xustificase sobradamente nos artigos arriba citados cando falan (art. 14.3) das “materias que consideren más idóneas para, de acuerdo con la finalidad de la prueba a que se refiere el artículo 5, seguir con éxito dichas enseñanzas oficiales de Grado”.

2.3. ¿Cómo poden valer 0,2 Debuxo, Química, Física... para un grao en Filosofía, pero deixar en 0,1 o GREGO II para un grao no que *filosofía, socrático, platónico, sofístico, aristotélico, estoico, epicúreo, cínico, neoplatónico...* e *metafísica, lóxica, cosmoloxía, teodicea, teoloxía, fenómeno, psíquico, categoría, siloxismo, sofisma* e mil palabras mais son gregas?

2.4. Mutatis mutandis, outro tanto se dirá para que, por exemplo, nos graos de Belas Artes ou Historia e Historia da Arte poida GREGO II recomendarse con ponderación de 0,2 -ja que se lle dá, por exemplo, a Química, Física, Bioloxía, Matemáticas... neses graos e en Humanidades!

Dá un pouquiño noxo ter que recomendar para un 0,2 a lingua e a experiencia e tradición cultural que nos deixou a pegada de *dórico, xónico, corintio, arquitrabe, tímpano, teatro, anfiteatro, propileo, peristilo, música, épica, lírica, traxedia, comedia, mimo, poesía, oda, odeón, orquesta, mito, gramática...*: miles de palabras, ademais de todo o que as modernas terminoloxías criaron e seguen a criar cos lexemas e regras do grego antigo.

Obviamente, as palabras citadas (2.3 e 2.4) teñen tras de si nomes propios –Sócrates, Platón, Aristóteles..., Homero, Safo, Sófocles..., Partenón, Epidauro, Pérgamo..., Heródoto, Tucídides, Demóstenes..., Tales, Euclides, Hipócrates...- que son raíz da Cultura de Europa e non sobraría darlles mellor oportunidade de ser coñecidos polos interesados en graos que teñen parcelas desa Cultura como obxectivo.

3. Non entendo nin comparto en absoluto o criterio de “ponderar con 0,2 as materias de modalidade do segundo curso que se consideraban ata agora vinculadas ás vías que daban acceso ao título LRU correspondente” e deixar en 0,1 as materias “consideradas ata agora nos vinculadas...”. Creo que o único ou mellor criterio é o da consonancia das materias cos graos, a formación e información que as materias dan para que os alumnos cursen con mellor aproveitamento eses graos.

4. Desexaría que non houbese atranco legal certo (¡non mera escusa ou preguiza!), pois o tempo sobra, para corrixirmos inmediatamente, xa para as PAU de 2010, estes erros graves na ponderación do GREGO II. A lista ampla de materias que o alumnado pode escoller evita que se obxecte que unha ponderación de 0,2 para GREGO II nos graos humanísticos, filolóxicos, etc, supoña para a nosa materia unha presenza excesiva para os tempos, recursos e obxectivos en que andamos. Certamente tampouco non viría mal darlle unha boa axeitada ós tempos, recursos e obxectivos en que andamos, pero non é tema deste par de folios.

Santiago, 17 de xullo de 2009

Juan J. Moralejo
Catedrático de Filoloxía Grega
Cordinador de Grego